

## **ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS FISCAIS – 2025**

### **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS**

### **IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

A Presidencia da Deputación aprobou os padróns fiscais dos seguintes impostos dos concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 33.087, de 10 de xullo de 2025).
- Imposto sobre bens inmobles urbanos (resolucións núm. 32.120, de 03 de xullo 2025).
- Imposto sobre bens inmobles rústicos (resolución núm 32.120 de 03 de xullo 2025).
- Imposto sobre bens inmobles de características especiais (resolución núm. 32.120, de 03 de xullo 2025).

De conformidade co disposto no artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria dos devanditos impostos na Deputación son: Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbria, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza - Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmador, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

### **Período e lugar de exposición**

Os padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial (rúa Archer Milton Huntington, 24, 15011, A Coruña), onde poderán ser examinados polos/las interesados/as, dende o día **1 de setembro ao 17 de outubro de 2025**, ambos os dous incluídos.

As consultas faranse a través do correo electrónico [atención.tributaria@dacoruna.gal](mailto:atención.tributaria@dacoruna.gal) ou chamando ao teléfono 981 415 900.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

### **Recursos**

Contra as liquidacións que conteñen os padróns fiscais os/as interesados/as poderán formular ante o Presidente da Deputación o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, **no prazo dun mes**, que se contará dende o día seguinte ao da finalización de exposición pública dos padróns fiscais. Tamén poderán utilizar calquera outro que consideren oportuno.

A Coruña, (na data da firma dixital)

O presidente, PDF 29/08/2023  
O deputado,

José Ramón Rioboo Castro

O secretario,

Miguel Iglesias Martínez